

## ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 25/03/2021

Sras. / Sres. Asistentes:

### ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

### CONCELLEIROS/AS Asistentes

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES  
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
-DONA SONIA OUTÓN CASAL  
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO  
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ  
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA  
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA  
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO  
-DONA MATILDE LAYA LORENZO  
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN  
-D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ  
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ  
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO  
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO  
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ  
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ  
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

### Lista de non asistentes

-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

### SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

### INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 25/03/2021, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 25 de febreiro de 2021.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes febreiro de 2021.
3. Toma de coñecemento do Decreto de Alcaldía sobre a aprobación do Marco Orzamentario a medio prazo 2022-2024
4. Toma de coñecemento do informe de Intervención relativo ao cumprimento da normativa en materia de Morosidade nas operacións comerciais correspondente ao 4 º trimestre/2020, Concello e Fundación de Deportes
5. Aprobación, se procede, da desafectación e alleamento directo de 2,95 m<sup>2</sup> de terreo na Rúa Vázquez Leis
6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre a transferencia da AP-9 a Galiza.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, para a retirada da simboloxía franquista da Igrexa de Arealonga.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, para instar ao Parlamento de Galicia e ao Goberno Galego a manter e ampliar as garantías lexislativas ambientais, a transparencia e o acceso á documentación pública das iniciativas empresariais galegas
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a creación e dinamización dunha rede de espazos para a mocidade.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para esixir ao Goberno Central que suprima os puntos 3 e 4 do artigo 18 da Lei de Cambio Climático
12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE sobre a soidade non desexada
13. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
- 14.- Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
- 15.- Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
- 16.- Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Vázquez utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

Debe facerse constar que debido a unha avaría do sistema de gravación do son, nesta sesión só foron gravadas as imaxes. A existencia da citada avaría foi confirmada ao día seguinte da sesión, é dicir, o 26 de marzo de 2021.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 25 DE FEBREIRO DE 2021.-**

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta de data 25 de febreiro de 2021.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concellerios/as presentes no Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior de data 25 de febreiro de 2021

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE FEBREIRO DE 2021:** Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

### RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Autorización ocupación dominio público con mesas e cadeiras
- 1 Autorización transmisión licenza taxi
- 3 Expte. Modificación de crédito de incorporación de remanentes
- 4 Expte. De modificación de crédito por transferencia
- 3 Expte. De modificación de crédito por xeración
- 1 Baixa inscrición indebida Padrón de Habitantes
- 1 Procedementos sancionadores de tráfico
- 1 Nomeamento funcionario interino substitución baixa IT
- 1 Pagamento Plan de Pensións xaneiro
- 1 Pagamento taxa publicación anuncio DOG
- 2 Modificación horarios e quendas Biblioteca Municipal
- 1 Arquivo denuncia posible acoso laboral Servizos Sociais
- 1 Substitución posto superior Policía
- 2 Aboamento noites Nadal Policía Local e Protección Civil
- 1 Aboamento festivos, noites e domingos a diverso persoal
- 1 Aprobación lista provisional admitidos/as – excluídos/as TAX/A2
- 1 Bases de selección Plan Concellos 2021
- 4 Remisión de expediente administrativo a Xulgado Contencioso Administrativo
- 1 Aprobación pregos investimento subministro de cámaras con lector de matrículas para infraccións de tráfico
- 5 Estimación pagos duplicados
- 1 Estimación Beneficios Fiscais IAE
- 8 Estimación-desestimación IVTM
- 2 Estimación liquidacións e baixas
- 4 Estimación de recibos
- 23 Estimación taxas e prezos públicos
- 1 Estimación Bonificación IBI
- 12 Estimación-desestimación IBI
- 26 Estimación-desestimación beneficios fiscais IVTM
- 6 Estimación-desestimación IIVTNU
- 1 Comisións TPV febreiro
- 12 Pago expedientes Intervención
- 3 Pago préstamos febreiro

4 Pago Expedientes Tesourería  
 1 Pagos diversos  
 1 Comunicación cambio de titularidade comercio polo miudo  
 1 Comunicación apertura de establecemento  
 5 Deber de conservación  
 1 Aprobación definitiva proxecto de urbanización  
 2 Reposición da legalidade urbanística  
 2 Renuncia a licenza de obra  
 1 Cambio de titularidade obra  
 1 Solicitud de licenza de ampliación de rede eléctrica  
 1 Prórroga de execución de obras  
 2 Prórroga comunicación previa obras  
 2 Licenza para ampliación de rede de telecomunicacións  
 3 Solicitud de licenza para segregación – agrupación de fincas  
 1 Licenza de poda arbolado e control arqueolóxico  
 17 Licenza de obra  
 10 Acometida de auga  
 2 Solicitud de legalización de obras  
 33 Comunicación previa obras  
 4 Ineficacia de comunicación previa obras  
 TOTAL: 229  
 O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**3.- TOMA DE COÑECEMENTO DO DECRETO DE ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN DO MARCO ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2022-2024.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de marzo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do seguinte teor:

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

De conformidade co disposto no artigo 29 da LO 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, así como nos artigos 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información reguladas na LO2/2012.

De conformidade coas facultades que en materia de gastos, me confire a Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, RDL 2/2004 de 5 de marzo e Real Decreto 500/90, do 20 de abril, en canto a competencia para a formación e elaboración dos orzamentos municipais, e de conformidade coa base 54ª das Bases de Execución do Presuposto prorrogado.

Visto o informe de intervención para o marco orzamentario consolidado 2022-2024, do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu organismo autónomo a Fundación de Deportes.

**DISPOÑO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o seguinte marco orzamentario consolidado a medio prazo 2022-2024, no que se enmarcará a elaboración dos orzamentos anuais do Concello de Vilagarcía de Arousa para dito período, e a través dos cales se garante unha programación orzamentaria coherente coa regulación vixente en materia de obxectivos de débeda pública e estabilidade orzamentaria, así como da regra do gasto, proxectando recuperar a senda de estabilidade a partir do exercicio 2022, co seguinte desglose para gastos e ingresos:

**INGRESOS**

INGRESOS	Exercicio 2022	Exercicio 2023	Exercicio 2024
Ingresos correntes	29.314.955,00	30.149.955,00	30.149.955,00
Ingresos de capital	0,00	0,00	0,00

Ingresos non financeiros	29.314.955,00	30.149.955,00	30.149.955,00
Ingresos financeiros	150.000,00	150.000,00	150.000,00
Ingresos totais	29.464.955,00	30.299.955,00	30.299.955,00

## GASTOS

GASTOS	Exercicio 2022	Exercicio 2023	Exercicio 2024
Gastos correntes	27.939.638,82 €	28.413.021,66	28.413.021,66
Gastos de capital	470.015,00 €	890.015,00	890.015,00
Gastos non financeiros	28.409.653,82 €	29.303.036,66 €	29.303.036,66 €
Gastos financeiros	1.055.301,18 €	996.918,34	996.918,34
Gastos totais	29.464.955,00 €	30.299.955,00 €	30.299.955,00 €

SEGUNDO: Dar traslado ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas dentro do prazo legalmente establecido.

TERCEIRO: Dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre

O mando e asino en Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE, A SECRETARIA XERAL

Asdo.:Alberto Varela Paz Asdo.: Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada Sinatura dixitalizada

A Comisión queda sabedora.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**4.- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2020, CONCELLO E FUNDACIÓN DE DEPORTES:** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de marzo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do cuarto trimestre de 2020, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	2.290.503,60	1.140.548,85
Investimentos reais	1.552.714,78	176.839,30
Outros pagos realizados por operacións comerciais	1.790,01	
Pendientes de aplicar a Orzamento		
TOTAL	3.845.008,39	1317.388,15

Xuros de demora pagados no trimestre:0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.005.741,35	128.415,26
Investimentos reais	339.732,31	2.299,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	550,22	
Pendientes de aplicar a Orzamento	123.332,87	48.388,65

TOTAL	1.469.356,75	179.102,91
-------	--------------	------------

Período medio de pago: 47,60 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	92.198,40	0
Investimentos reais	17.082,78	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a orzamento		
TOTAL	109.281,18	0

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	70.618,13	
Investimentos reais	59.945,20	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento		
TOTAL	130.563,33	

Período medio de pago: 33,24 días

A Comisión queda sabedora.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESAFECTACIÓN E ALLEAMENTO DIRECTO DE 2,95 M<sup>2</sup> DE TERREO NA RÚA VÁZQUEZ LEIS.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de marzo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: PROPOSTA ALLEAMENTO TERREO EN RÚA VÁZQUEZ LEIS 44 - VILAXOÁN

O Artigo 115 do Regulamento de Bens Municipais permite o alleamento directo das parcelas sobranceiras aos propietarios colindantes. Considerado iniciado o expediente de desafectación do ben, este foi notificado ao veciño colindante do mesmo.

A valoración do terreo efectuada polo técnico municipal ascende a 476,45 €.

Esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Alterar a cualificación xurídica do ben, desafectandoo e convertíndoo en patrimonial, é dicir, 2,95 m<sup>2</sup> de terreo situado na Rúa Vázquez Leis nº 44..

Segundo. Allear o mencionado terreo municipal situado fronte á parcela de Rúa Vázquez Leis 44, Vilaxoán a D. Daniel Martínez Ozores polo importe de 476,45 €.

Terceiro: Comunicar dito alleamento á Dirección Xeral de Administración Local en cumprimento do disposto no artigo 109 do RBEL.

Cuarto: Expoñer ao público o presente acordo durante o prazo de un mes. De presentarse reclamacións serán resoltas polo Pleno, en caso contrario elevaranse a definitivos os acordos adoptados.

- No caso de non aceptar o propietario D. Daniel Martínez Ozores o prezo fixado, quedaría sen efecto o acordo plenario adoptado.

Vilagarcía de Arousa, 17 de marzo de 2021.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo municipal do PP, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da desafectación e alleamento directo de 2,95 m<sup>2</sup> de terreo na Rúa Vázquez Leis.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e catro abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4)

ACÓRDASE: Por maioría:

Primeiro: Alterar a cualificación xurídica do ben, desafectandoo e convertindoo en patrimonial, é dicir, 2,95 m<sup>2</sup> de terreo situado na Rúa Vázquez Leis nº 44.

Segundo. Allear o mencionado terreo municipal situado fronte á parcela de Rúa Vázquez Leis 44, Vilaxoán a D. Daniel Martínez Ozores polo importe de 476,45 €.

Terceiro: Comunicar dito alleamento á Dirección Xeral de Administración Local en cumprimento do disposto no artigo 109 do RBEL.

Cuarto: Expoñer ao público o presente acordo durante o prazo de un mes. De presentarse reclamacións serán resoltas polo Pleno, en caso contrario elevaranse a definitivos os acordos adoptados.

Quinto: No caso de non aceptar o propietario D. Daniel Martínez Ozores o prezo fixado, quedaría sen efecto o acordo plenario adoptado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A TRANSFERENCIA DA AP-9 A GALIZA.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de marzo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 17 de marzo de 2021, do seguinte teor:

Moción sobre a Transferencia da AP9 a Galiza

O grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción para o seu debate no pleno.

Exposición de motivos:

A AP9, a autoestrada do atlántico, é a principal arteria de comunicación de Galiza, unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación e a meirande parte da actividade económica do país.

A pesar da súa importancia estratéxica, esta infraestrutura ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 galegos e galegas. Esta peaxe abusiva é un verdadeiro lastre para a economía das persoas e das empresas do noso país.

A historia da AP9 é a crónica dunha discriminación con Galiza, que nos ten costado miles de millóns de euros en peaxes.

Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013, e que, se aínda temos que seguir pagando polo seu uso, é porque esta foi ampliada por parte dos distintos gobernos do Estado -dez anos polo goberno de Felipe González en 1994 e 25 anos por parte do goberno de José María Aznar en 2000-. A maiores, en 2003, o goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta -da que era conselleiro de Ordenación do Territorio, o actual Presidente, Núñez Feixóo-, a autoestrada por un prezo ridículo.

Como consecuencia destas decisións políticas, hoxe Galiza conta non só cunha das autoestradas máis caras do Estado senón tamén coa concesión máis longa posíbel, 75 anos, até 2048. Así, mentres na Galiza pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das autoestradas do Estado ou son de balde ou o serán en breve. O que supón un forte impacto económico para as arcas de miles de traballadores e traballadoras e un lastre á competitividade das nosas empresas é, á súa vez, un suculento negocio para a empresa concesionaria, que en 2019 recadou 153 millóns de euros, uns 420.000 euros diarios.

A loita social e institucional para poñer fin a este abuso vén de lonxe. En abril de 2016, o Parlamento de Galiza aproba por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a transferencia da AP9 a Galiza, que sería vetada pola Mesa do Congreso o 13 de decembro dese mesmo ano. O mesmo veto tería o novo proxecto de Lei impulsado polo BNG a comezos de 2017 e aprobado polo parlamento galego en maio de 2017.

Quedaba claro que se trataba dun veto político, disfrazado de razóns técnicas e orzamentarias. E para deixalo máis evidente, ao tempo que se vetaba a transferencia e o rescate da AP9, o goberno do Estado aprobaba a principios do 2018 o rescate de 8 autoestradas de peaxe ruinosas, entre elas as radiais madrileñas. Unha decisión que tería un custo para as arcas do Estado de máis de 4.000 millóns de euros. Non había diñeiro público para rescatar a AP9, mais si o había para salvar ás construtoras e á banca que construíron e xestionaron autoestradas ruinosas.

Por fin, o 2 de febreiro do presente ano o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da Lei de Transferencia de Titularidade e Competencias da Autoestrada AP9.

Desde o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual maneira que se rescataron no seu día as radiais madrileñas.

Mentres a tramitación desta Lei non conclúa -algo que debería ter lugar no actual período de sesións-, é preciso que se efective canto antes a rebaixa das peaxes da AP9 e a gratuidade do treito Redondela-Vigo, comprometidos no acordo de investidura co BNG. Unhas rebaixas históricas só pendentas de efectivizarse, e para o que o goberno do Estado dispón de 54,9

millóns de euros nos orzamentos de 2021.

Por todo o exposto o Pleno do Concello

Acorda:

1- Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP9 a Galiza no actual período de sesións.

2.- Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das pea-xes da AP9.

Vilagarcía de Arousa, 17 de marzo de 2021

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal do BNG informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia informase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre a transferencia da AP9 a Galiza.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a Moción, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1- Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP9 a Galiza no actual período de sesións.

2.- Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das pea-xes da AP9.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, PARA A RETIRADA DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DA IGREXA DE AREALONGA.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de marzo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 1 de marzo de 2021, do seguinte teor:

**MOCIÓN PARA A RETIRADA DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DA IGREXA DE AREALONGA**

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No ano 2004 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza concedeu o permiso para que o concello de Vilagarcía retirase os símbolos franquistas da fachada da igrexa de Santa Baia de Arealonga. Esta autorización refírese tanto á cruz como á lauda situada na parte superior dedicada a José Antonio Primo de Rivera, fundador da organización fascista, o lema da parte inferior

“Por Dios, por España y su revolución nacionalsindicalista e os nomes dos veciños de Vilagarcía que morreron durante a súa participación, en moitos casos forzosa, na Guerra Civil formando parte do exército sublevado contra a legalidade republicana. O obxecto desta actuación é eliminar estes símbolos antidemocráticos e devolver á fachada o seu aspecto orixinal.

Con carácter previo, no ano 2003 o arcebispado de Santiago, como titular da igrexa, concedeu tamén o permiso para a retirada dos citados elementos. O criterio da igrexa é que deben ser as autoridades civís quen deben retirar estes símbolos, pois foron quen os colocaron durante a Ditadura.



A permanencia deste tipo de símbolos en edificios relixiosos e nun espazo público constitúe unha grave anomalía democrática e pon de manifesto a continuidade do franquismo na nosa sociedade, e tamén as actitudes de complicidade, conivencia ou de pasividade de quen o permite, como é o caso do concello de Vilagarcía.

Este tipo de símbolos e inscricións, que aínda permanecen nas fachadas de moitas igrexas galegas, teñen un significado estritamente político –o aliñamento da igrexa co levantamento militar fascista e as súas dramáticas consecuencias–, sen ningún contido relixioso. O seu mantemento supón unha ofensa ás vítimas do franquismo, un atentado contra o patrimonio, e unha proba manifesta do desleixo das institucións no cumprimento das súas obrigas.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

O Pleno do concello insta ao goberno municipal a proceder no prazo máis breve posíbel á retirada dos símbolos franquistas da igrexa de Santa Baia de Arealonga, coordinando esta actuación co arcebispado de Santiago como titular do edificio e coa Dirección Xeral de Patrimonio como departamento competente na protección dos bens culturais.

Vilagarcía de Arousa 2 de marzo 2021

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal do BNG informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia informase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a retirada da simboloxía franquista da Igrexa de Arealonga.

Na sesión plenaria sométese a votación a Moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e catro abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e proceder no prazo máis breve posíbel á retirada dos símbolos franquistas da igrexa de Santa Baia de Arealonga, coordinando esta actuación co arcebispado de Santiago como titular do edificio e coa Dirección Xeral de Patrimonio como departamento competente na protección dos bens culturais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA, PARA INSTAR AO PARLAMENTO DE GALICIA E AO GOBERNO GALEGO A MANTER E AMPLIAR AS GARANTÍAS LEXISLATIVAS AMBIENTAIS, A TRANSPARENCIA E O ACCESO Á DOCUMENTACIÓN PÚBLICA DAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS GALEGAS.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de marzo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, coa data de 2 de marzo de 2021, do seguinte teor:

**MOCIÓN PARA INSTAR AO PARLAMENTO DE GALICIA E AO GOBERNO GALEGO A MANTER E**

## AMPLIAR AS GARANTÍAS LEXISLATIVAS AMBIENTAIS, A TRANSPARENCIA E O ACCESO Á DOCUMENTACIÓN PÚBLICA DAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS GALEGAS.

Ao abeiro do regulamento orgánico municipal preséntase a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou a principios de novembro unha nova “Lei de reactivación económica de Galicia”, argumentando a súa necesidade na procura dunha axilización dos trámites administrativos que ata o de agora veñen sendo requiridos na creación de empresas e que, segundo afirma, implican certos obstáculos e solapamentos innecesarios, así como duplicidades legais e administrativas.

Chama a atención que fose o propio Feijóo, como presidente do goberno galego, quen impulsara con obxectivos ou fins similares, as actuais leis que agora semella considerar insatisfactorias.

A primeira delas foi a Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica, orixe de toda unha serie de normativas que apostan por facilitar a implantación de “calquera actividade con seguridade xurídica”. Esta lei, chegou a ser modificada en catro ocasións.

Apenas tiveron que pasar dous anos para que se aprobara unha nova Lei 1/2015 de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, coa que se colocaba o foco na axilización dos procedementos administrativos para que a “tramitación administrativa non fose un problema”, tal e como expresaba o mesmo Feijóo cando insistía de novo na necesidade de ofrecer ás empresas unha maior “seguridade xurídica” para instalarse en Galicia.

E outros dous anos máis tarde, aínda sería preciso aprobar unha última Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais, amplamente criticada, e popularmente coñecida como ‘Lei de depredación de Galicia’, coa que teimaba na procura da ‘seguridade xurídica’ e na constitución dun “marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza” para seguir apoiando ás empresas. Unha lei que, en menos de tres anos, precisou ser modificada en tres ocasións.

Malia as consistentes ansias lexislativas que pretenden garantir a tan anhelada “seguridade xurídica”, co anuncio desta nova lei de ‘reactivación’, o goberno galego demostra non estar plenamente satisfeito, nin coa simplificación de trámites, nin coas facilidades concedidas ás empresas para instalarse no noso país. Tal é así, que o presidente volve esgrimir compulsiva e obstinadamente os mesmos argumentos, como a “diminución da xestión burocrática da Administración pública autonómica”.

Tendo en conta os antecedentes do corpo lexislativo de Feijóo -e os efectos que teñen provocado no territorio galego-, non sorprende que o tecido asociativo veciñal, ambientalista e social sospeite das intencións que motivan ao goberno da Xunta e do Partido Popular a levar adiante a súa proposta. Por todo o país, esténdese a desconfianza cara un goberno que, coa súa lexislación, procurou amparar proxectos de megaminería ou permitir a instalación de vertedoiros en núcleos rurais habitados.

Numerosos colectivos de base consideran que o auténtico propósito da Xunta é o de restrinxir, e mesmo eliminar, o dereito de acceso á documentación pública sobre determinadas iniciativas empresariais, social e ambientalmente agresivas, que ao Partido Popular tanto lle gusta amparar, cando non incentivar. Témesese polo tanto, que a aplicación desta lei amplíe aínda máis a “barra libre” que en grande parte existe xa hoxe, facilitando o desenvolvemento de proxectos en espazos agora abandonados e desprotexidos, como canteiras, para seren transformados en vertedoiros, ou para reactivar explotacións mineiras capaces de apropiarse e de esgotar os recursos todos, causando graves prexuízos á sociedade e o territorio. Un medo xustificado no marco do escurantismo e a opacidade cos que a Xunta está a tratar a chegada dos fondos europeos de reconstrución a Galicia, como evidencia o anuncio de máis de 100 proxectos dos que pouco ou nada se ten informado. Resulta inevitable deducir que esta nova lei ven reforzar a mesma estratexia, para axustarse aínda máis ‘á medida’ dos intereses empresariais representados nestes proxectos.

Co pretexto da simplificación de trámites, semella que o presidente Feijóo trata de dar resposta ás esixencias das grandes corporacións antes que ás necesidades da poboación galega, como a saúde, a educación, ou mesmo un investimento empresarial rigoroso e efectivo. Baixo as habituais metáforas coas que bautizan as súas leis, disimulan intencións que, moitas veces, van xusto no sentido contrario ás estratexias da propia UE, como por exemplo no investimento verde,

que en Galicia se sitúa claramente por baixo da media europea e do Estado. Tampouco resultan admisibles nin a opacidade que afecta á toma de decisións e aos criterios que se aplican no reparto, nin a ausencia do imprescindible debate público e informado, no que se deberían poder identificar os proxectos prioritarios para empregar eses fondos de reconstrución.

O xeito de camuflar os resultados das políticas de desenvolvemento económico non é novo. Porén, nin todo este armazón normativo, nin a propaganda da Xunta de Núñez Feijóo, son quen de ocultar a evidencia dos datos, que indican unha continua perda do peso económico de Galicia no conxunto do Estado. Fronte ao Norte de Portugal, continúan as deslocalizacións de empresas e a captación de capital estranxeiro non fai máis que baixar. E todo isto non é máis que o resultado dunha política económica incapaz de aproveitar as potencialidades do país, que deixa fuxir valiosas oportunidades, e caracterízase polos recortes orzamentarios que destacan no ámbito do desenvolvemento económico, entre outros moitos, como se pode ver reflectido nos gráficos elaborados cos datos da propia administración galega.

Os colectivos e organizacións que apoiamos esta moción, entendemos que o pobo galego debe ser quen decida, da maneira máis plural e representativa, sobre a xestión e uso do seu patrimonio territorial, así como dos recursos financeiros dos que dispoña para activar a súa economía. Por iso, non podemos tolerar que o actual Goberno da Xunta, traizoando o mandado democrático que lle foi cedido pola cidadanía galega a través das urnas, e por un período de catro anos, hipoteque unha parte importante dese patrimonio territorial e desbalda os inxentes recursos financeiros Next Generation que virán para Galiza dende a Unión Europea, para beneficiar o negocio dunhas poucas empresas en detrimento do conxunto da cidadanía. Ben ao contrario, é a cidadanía a que debe dispoñer deses fondos para afrontar a recuperación dunha crise excepcional que ameaza os alicerces da nosa economía e dos nosos principais sectores produtivos, e tamén para prepararse adecuadamente perante os importantes desafíos que condicionarán a vida das xeracións futuras, como o cambio climático ou a inminente escaseza de petróleo e outros combustíbeis fósiles dos que a nosa sociedade é tan dependente.

Así pois, tendo en conta o anterior, solicítase aprobar o seguinte:

ACORDO:

- Instar ao Parlamento de Galicia a:

- Retirar a Lei de Simplificación Administrativa e Reactivación Económica tal e como está redactada, e redactar un novo texto de consenso entre os grupos políticos do Parlamento de Galicia que garanta o cumprimento de todas as garantías ambientais e de transparencia e acceso á información pública sobre calquera iniciativa empresarial ou doutro tipo e en todas as normativas lexislativas futuras que se aproben.
- Aprobar un novo marco normativo para unha transición enerxética xusta e democrática, no que sexa garantida a participación pública, a participación cidadá e a preservación dos valores paisaxísticos, ambientais, sociais e culturais do territorio.

- Instar á Xunta de Galicia a:

- Artellar fórmulas de participación para que a cidadanía á que se debe sexa quen decida que fai cos seus recursos territoriais e en que inviste os fondos Next Generation.
- Facer pública a composición do “comité de expertos” que lle asesora para o reparto dos fondos Next Generation, e ampliálo de maneira que a súa composición sexa o máis representativa posíbel da sociedade galega, incluíndo, ademais de representantes do sector industrial, tamén os doutros sectores coma o pesqueiro, o agrario, o forestal, as pemes, ONG’s, e todos os colectivos e organizacións dos movementos sociais que o requiran.
- Procurar que os investimentos dos fondos Next Generation para a reactivación económica respondan a criterios reais de sustentabilidade económica, social e ambiental, e sexan postos ao servizo do ben común e non dunha élite económica.
- Facer pública a relación de propostas que van ser financiadas cos fondos de reconstrución europea e os seus expedientes, así como os criterios de selección das mesmas, e dar a posibilidade de sometelos a información e participación pública da cidadanía.

Dar conta deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia así como

ao tecido ambiental, social e veciñal do concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Podemos-Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia informase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para instar ao Parlamento de Galicia e ao Goberno Galego a manter e ampliar as garantías lexislativas ambientais, a transparencia e o acceso á documentación pública das iniciativas empresariais galegas

Na sesión plenaria sométese a votación a votación polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con tres votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1) e dezasete votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP (4) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por .maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para instar ao Parlamento de Galicia e ao Goberno Galego a manter e ampliar as garantías lexislativas ambientais, a transparencia e o acceso á documentación pública das iniciativas empresariais galegas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA A CREACIÓN E DINAMIZACIÓN DUNHA REDE DE ESPAZOS PARA A MOCIDADE.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de marzo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, coa data de 16 de marzo de 2021, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de marzo, a seguinte moción:

**MOCIÓN PARA A CREACIÓN E DINAMIZACIÓN DUNHA REDE DE ESPAZOS PARA A MOCIDADE**

A mocidade é un dos colectivos máis dinámicos e de maior creatividade, cuxo desenvolvemento vital repercute e enriquece as nosas cidades e vilas e constrúe o futuro das mesmas. Sen embargo, non sempre os ritmos nos que van evolucionando as institucións, o espazo público, nin a propia sociedade, se corresponden cos da xuventude e custa ofrecer respostas axeitadas ás súas demandas. Segundo diversos estudos, trátase tamén dun dos colectivos máis sensibles ás repercusións da COVID-19 e ás limitacións na socialización, o illamento e a interrupción da vida cotiá provocadas pola pandemia nun momento especialmente delicado do seu desenrolo. Ademais, a crise económica e social derivada da mesma ten repercusións sobre a mocidade que aínda non estamos en posición de valorar, pero que nos obrigan a introducir esta perspectiva nas políticas co fin de acompañalos na asimilación e superación destas circunstancias e evitar que as mesmas deriven en situacións prexudiciais para as súas vidas, como é o caso das adicións. Nese senso, o pasado mes de novembro a corporación de Vilagarcía aprobou unha moción presentada

polo grupo municipal Podemos-Marea da Vila, en colaboración co colectivo Rebeldía Galicia, para frear a proliferación das casas de apostas e as súas repercusión na xente nova. Na mesma se incluía o seguinte punto:

“Instar ao goberno local a garantir o dereito á cultura e ó deporte, mediante o impulso de actividades e centros artísticos, culturais e deportivos accesibles para o conxunto da poboación sen que poida operar ningún tipo de discriminación”

En relación a isto, existe unha demanda dos colectivos e axentes da mocidade pola falta de disposición de espazos para a súa organización e realización de actividades coa flexibilidade horaria que lles poida garantir a autonomía. Sen embargo, á vez detéctase a existencia de espazos municipais que, na actualidade, carecen de contido para o seu completo desenvolvemento, e outros que na actualidade se atopan en estado de abandono a pesar dos recorrentes anuncios por parte do

Concello sobre a súa recuperación, como é o caso do Hórreo do Parque da Xunqueira, cuxa reforma non se acaba de materializar.

Asemade, os distintos espazos para a realización de actividades deportivas integrados no espazo público, presentan, en moitos dos casos, unha falta de mantemento que repercute nun progresivo deterioro que disuade da súa utilización. Un deles é o do Parque do Cavadelo, no que as instalacións do skatepark estiveron abandonadas durante tempo e sobre o que existe un proxecto de renovación que debería ser participado cos usuarios do mesmo.

Pero este non é, nin moito menos, o único caso no que os espazos para a mocidade presentan deterioro. Se facemos un repaso por algunhas das instalacións deportivas atopamos distintas situacións, tal e como nos trasladan as persoas usuarias:

- As Pistas: A pista ten pequenos andazos nalgún sector e está rota. Sería necesario repoñer redes e sería recomendable pintala.
- Celso Emilio Ferreiro: Pintar, estudar ampliar a pista polos laterais, renovar os aros -son moi raros e estrañamente anchos-.
- Vilaxoán: a pista está descoidadísima -ten musgo-. Os bancos moi deteriorados. A pista está pintada ou con spray ou con tiza. Os parafusos das canastras desprenden óxido.
- Xunqueira: no lateral da porta do CC hai plantas que poden resultar perigosas, dado que están secas. Compre pintar a pista e revisar as canastras -redes e parafusos-.

Para abordar esta situación e avanzar sobre o acordo plenario de novembro, é imprescindible que o Concello de Vilagarcía realice unha diagnose coparticipada polos colectivos e asociacións de xuventude, buscando definir pautas de xestión e intervención da mocidade na vida cidade. Poñendo en valor o papel e o compromiso da mocidade para encabezar procesos corresponsables e sostibles de modo interxeracional. Polo tanto, é preciso desenvolver políticas públicas dialogadas, tamén, cos interlocutores referentes dos mozos e mozas de Vilagarcía, e partindo das súas necesidades consensuar unha política municipal que atenda á situación actual, creando un espazo que poda ser participado pola mocidade e facilite a xeración de sinerxías entre eles. Asemade, é importante establecer unha coordinación dos distintos espazos públicos, tanto interiores como ao aire libre, dos

que a mocidade dispón para realizar actividades e deportes, buscando a súa mellora e dinamización, estudando a posibilidade de desenvolver novos espazos que permitan o ocio e a desenrolo colectivo independentemente de que as súas vidas transcorran no centro urbano ou nas parroquias e o rural.

Sería moi positivo dispoñer dun catálogo de recursos municipais co fin de proporcionar unha boa utilización dos equipamentos e espazos, tendo en conta os diferentes niveis de participación dos mozos e a súa capacidade para desenvolver proxectos de xeito autónomo nos mesmos, nomeadamente os deportivos e a rede de centros socioculturais. Deste xeito, será posible responder ás diferentes demandas xuvenís e ás necesidades emerxentes cunha programación e ferramentas acorde ás mesmas.

É importante establecer dinámicas e plans formativos que atendan aos intereses da xente nova, e aproveitar a súa participación e capacitación no uso das novas tecnoloxías ou a súa implicación nos movementos asociativos, especialmente aqueles que xiran en torno aos feminismos e a ecoloxía. Tamén os elementos e a cultura que lle son propias buscando a súa integración na vila de maneira cotiá.

Por todo o anterior, propoñemos ao pleno da corporación os seguintes

#### ACORDOS

Instar ao Concello de Vilagarcía de Arousa e á Concellería de Xuventude a:

1. Facer un inventario dos equipamentos e espazos públicos dispoñibles para o desenvolvemento das actividades sociais, culturais e deportivas da mocidade de Vilagarcía para a creación dun catálogo online, establecer as necesidades existentes e as liñas de actuación.
2. Revisar o estado das instalacións deportivas ao aire libre para proceder á substitucións dos elementos deteriorados e á renovación/actualización das mesmas, incluíndo elementos de sinalización, seguridade e explicación das actividades para as que estea habilitado cada elemento, incluíndo pictogramas. Estudar a posibilidade de crear novos espazos e incorporar instalacións de calistenia, especialmente nas zonas afastadas do casco urbano.
3. Efectuar unha campaña na vía pública, centros de ensino e nas redes sociais, que fomente a realización de deportes ao aire libre.
4. Realizar, de maneira coparticipada co tecido social xove, un proxecto para a ampliación e coordinación en rede dos espazos destinados á mocidade no conxunto de Vilagarcía, habilitando como base un novo “espazo de encontro” no Hórreo da Xunqueira no que establecer sinerxías para desenvolver os seus proxectos sociais e culturais de maneira autónoma e respostando ás súas necesidades materiais e de flexibilidade horaria.
5. Elaborar unha diagnose coparticipada co tecido social mozo co fin de establecer as necesidades tanto formativas como sociais conxunturais á mocidade de Vilagarcía e aquelas derivadas da COVID-19.
6. En base ao anterior, establecer un plan formativo e de actividades que dote de finalidade e contido aos distintos espazos en rede con base no “espazo de encontro da mocidade” do Hórreo da Xunqueira.
7. Que as distintas áreas de goberno, incorporen a perspectiva da mocidade de maneira transversal. Asemade, que as expresións culturais da mocidade e a denominada como Cultura Urbana se integren no deseño e programación das políticas culturais anuais buscando a coparticipación do tecido asociativo mozo.
8. Dispoñer de dotación orzamentaria para ir desenvolvendo estas propostas.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Podemos-Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia informase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a creación e dinamización dunha rede de espazos para a mocidade.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con sete votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (4), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1), unha abstención do Concelleiro pertencentes ao grupo político municipal de Ciudadanos (1), e doce votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a creación e dinamización dunha rede de espazos para a

mocidade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, PARA ESIXIR AO GOBERNO CENTRAL QUE SUPRIMA OS PUNTOS 3 E 4 DO ARTIGO 18 DA LEI DE CAMBIO CLIMÁTICO.-** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de marzo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 16 de marzo de 2021, do seguinte teor:

**MOCIÓN**

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 25 de marzo de 2021 a seguinte MOCIÓN:

“Esixir ao Goberno Central que suprima os puntos 3 e 4 do artigo 18 da Lei de Cambio Climático”

**EXPOÑEN**

O Goberno central intentou hai un ano modificar o Regulamento de Costas, que suscitaba graves problemas xurídicos respecto do tempo da prórroga regulada pola Lei de 2013, que di que pode chegar a 75 anos, pero tamén polo escaso prazo para a participación pública para facer unha reforma tan radical. O Estado decidiu paralizar esta modificación para, a continuación e sen dar información ao respecto, ir pola porta de atrás para que a modificación pasara aínda máis desapercibida e incluíala no proxecto de Lei de Cambio Climático.

Esta Lei incorpora un artigo, o 18, que supón unha ameaza para o peche de todas as empresas que teñen concesións no espacio público de dominio marítimo terrestre. Este artigo descoñece a idiosincrasia do territorio galego, e de toda a industria marítimo terrestre na nosa costa.

Concretamente, os puntos 3 e 4 do artigo 18, xeran gran inseguridade xurídica á hora de renovar ou conceder títulos concesionais de explotación para continuar exercendo actividades económicas na liña de costa. Decenas de miles de empresas, miles en Galicia e centenaes na nosa provincia, non van saber si poderán seguir exercendo a súa actividade nos próximos anos.

O órgano consultivo do Consello do Estado analizou este artigo 18 da Lei de Cambio Climático e fixo importantes consideracións ao respecto ao sinalar que

o anteproxecto establece un criterio “diferente do que r artigo segundo la lei 2/2013”.

- O Consello do Estado vén a recoñecer expresa e claramente que a literalidade da lei actual de Costas permite conceder prórrogas extraordinarias de ata 75 anos e que a nova regulación cambia o criterio existente.
- Que a regra da nulidade de pleno dereito dos actos que non respecten a duración máxima de 75 anos debe aplicarse exclusivamente a actos administrativos que se dicten con posterioridade a la entrada en vigor de la Ley cuyo anteproyecto se dictamina. En este sentido, procedería substituir la expresión “dict de dejar claramente establecido que se trata de los actos posteriores a la Ley”.
- O Consello de Estado vén tamén a recoñecer expresamente que a regra da nova lei non pode aplicarse a prórrogas xa concedidas conforme a lei de Costas.
- Que debería modificarse expresamente a lei de Costas para dar unha seguridade xurídica e non introducir unha modificación da Lei de Costas na Lei de Cambio Climático, xa que teríamos dúas leis que din cousas diferentes.

Pero a pesar destas importantes consideracións, o Goberno non atendeu ao sinalado polo Consello de Estado nin tampouco atendeu as emendas presentadas por diferentes grupos no

Congreso, incluídos o Partido Popular, para continuar adiante coa Lei de Cambio Climático e Transición Ecolóxica. Un dos argumentos que dá o Estado para non modificala é que a nulidade das concesións que excedan do prazo de 75 anos aplicarase para os actos que se diten no futuro. Máis se é así, por que non o di claramente na Lei?

Pero ademais de alterar a duración das concesións no dominio público marítimo-terrestre, tamén se deixa a porta aberta a que sexa un órgano consultivo o que outorgue ou denegue as prórrogas con total discrecionalidade, o que crea unha inseguridade xurídica para todas elas.

Polo tanto, o Goberno está incluíndo modificacións importantes nunha lei que non é a de Costas, nunha lei que non ten que recoller este tipo de cuestións e, con elo, está poñendo en risco numerosas empresas da cadea mar-industria da nosa costa, milleiros de postos de traballo dun sector que demostrou ser punteiro nos últimos anos.

Os colectivos de empresarios denuncian unha posible perda, en peches e desinversións, de máis de 10.000 millóns de euros en Galicia, e os representantes dos traballadores advirten que poden perderse milleiros de empregos. Estamos a falar dun impacto terrible na nosa economía, que podería chegar ao 3% do PIB de Galicia. Estamos falando de conserveiras, depuradoras, cocedoiros, todo o sector estratéxico do mar que conta cunha autorización no dominio público marítimo terrestre e que ven perigar as súas concesións.

Pero na nosa provincia esta Lei afecta tamén á continuidade de Ence, un peche que suporía a perda de máis de 5.000 postos de traballo directos e indirectos, e poñer en risco a continuidade de moitas empresas auxiliares. O peche de Ence suporía un forte impacto económico para toda a comarca de Pontevedra, nun momento especialmente complicado no que non podemos permitirmos perder un sector produtivo que en Galicia e nesta comarca é fundamental. O 46% da madeira que se produce en España cada ano se produce en Galicia.

O Partido Popular está preocupado polas importantes repercusións que van ter para a economía e o emprego da provincia a aprobación da Lei de Cambio Climático.

Polo exposto anteriormente, o Grupo municipal do Partido Popular de Vilagarcía solicita ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS

1. Apoio unánime de toda a corporación para defender os milleiros de postos de traballos que están en risco no sector mar-industria de aprobarse a actual proposta da Lei de Cambio Climático e Transición Ecolóxica.
2. Apoio unánime de toda a corporación para defender os postos de traballo que xera Ence, de xeito directo e indirecto, en toda a provincia.
3. Instar ao Goberno central a que suprima os puntos 3 e 4 do artigo 18 da Lei de Cambio Climático.

En Vilagarcía de Arousa, a 16 de marzo de 2021

Ana Granja –Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para esixir ao Goberno Central que suprima os puntos 3 e 4 do Artigo 18 da Lei de Cambio Climático.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

**VOTACIÓN.-** Con cinco votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (4) e Ciudadanos (1), e quince votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1),

**ACÓRDASE:** Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP para



esixir ao Goberno Central que suprima os puntos 3 e 4 do Artigo 18 da Lei de Cambio Climático.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE A SOIDADE NON DESEXADA.** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de marzo de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 17 de marzo de 2021, do seguinte teor:

**MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), SOBRE A SOIDADE NON DESEXADA, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A soidade non desexada e o sentimento de baleiro existencial, é un problema real, e que mor desta pandemia que estamos a padecer está a producir situacións alarmantes.

Podemos sinalar como causas desta crecente soidade non desexada, o aumento dos fogares unipersoais e os novos tipos de familias, o descenso da natalidade, o paro e a precariedade laboral no emprego, a desnaturalización do traballo como fonte de encontros, a vida frenética actual e a tendencia a relacións persoais menos duradeiras. Son factores que poden intervir no aumento dramático e imparabile da soidade, sendo as persoas maiores o grupo predominante, que en moitos casos viven e falecen sosao fin dos seus días.

O envellecemento da poboación é un éxito das políticas de saúde pública e do desenvolvemento do noso Estado de Benestar, pero tamén é un reto para mellorar ao máximo a saúde e a capacidade funcional das persoas maiores, así como a súa participación social e seguridade. Dende os poderes públicos compre traballar para implementar políticas públicas que permitan as persoas maiores manter a súa autonomía e a súa independencia a medida que se envellece, promovendo un envellecemento activo e saudable.

Para a Organización Mundial da Saúde, a soidade non desexada, é un dos maiores riscos de deterioro da saúde, e tamén un factor determinante que favorece que as persoas que a padecen acaben en situación de dependencia, illadas e abandonadas. Faise preciso previr a soidade dos maiores e a súa seguridade, fomentando a capacidade psicolóxica e funcional das persoas maiores, adaptando a súa contorna cultural e persoal e fomentando un envellecemento activo.

Fai máis dun ano que a Xunta de Galicia ten anunciado un plan de actuación destinado ás persoas en situación de soidade non desexada. En concreto, a través da configuración dunha rede social de apoio en colaboración con entidades sociais e locais.

Actualmente estamos a vivir un contexto de pandemia sen precedentes, que deu conta das carencias do sistema de coidados nas persoas maiores e dependentes, pero tamén doutras realidades silenciadas que hoxe máis que nunca se significan, como é a realidade das persoas en soidade non desexada.

Galicia é un dos lugares cun maior número de persoas maiores de todo o país e incluso de Europa. As persoas que viven en soidade non desexada están a sufrir os efectos da pandemia agravando as consecuencias desa soidade aínda máis polo illamento social derivado das restricións.

Tras unha pandemia que visibilizou e agudizou aínda máis este problema as administracións teñen que actuar de xeito coordinado. Ao longo dos últimos anos esforzámonos moito dende todos os ámbitos en fomentar o exercicio físico, a estimulación cognitiva entendendo como hábitos saudables para mellorar a saúde e o bo envellecer, que así o son, pero esquecémonos de incidir nunha cuestión fundamental, o feito de coidar as relacións sociais e vínculos comunitarios,

xa que é un dos piares dos hábitos saudables, que non só repercutían no benestar emocional senón tamén no físico.

O modelo de unidade familiar está mudando. En Galicia, case 280.000 persoas viven solas segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE). Esta cifra implica que algo máis dun 10% da poboación galega vive soa. Os problemas derivados desta cuestión xorden cando a soidade non é desexada pola persoa en cuestión. O problema non só é unha cuestión que afecta ás persoas maiores, pero ben é certo que 126.000 dos fogares unipersoais corresponden a persoas maiores de 65 anos. E maior parte dos mesmos formados por mulleres. E segundo os datos do Instituto Galego de Estatística evidéncianse preocupantes porcentaxes da taxa de risco de pobreza en persoas maiores de 65 anos que viven solas en Galicia; En concreto nos últimos 4 a taxa de risco de pobreza para maiores de 65 anos tivo un incremento de 11 puntos.

Por estes motivos, consideramos urxente levar a cabo unha diagnose do problema mediante estudos que dean conta da "radiografía" da soidade non desexada en Galicia, así como elaborar de xeito urxente e en función dos resultados de dito estudo, un Plan Galego para a Soidade Non Desexada.

Dito plan en colaboración con entidades sociais e locais, dotaría dos recursos orzamentarios precisos aos mesmos, para coordinar os estudos e actuacións oportunas para coñecer a realidade da soidade non desexada en Galicia e levar a cabo o seguimento e actuacións concretas con este colectivo de poboación.

Polo exposto, o Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa acorda:

1. Instar a Xunta de Galicia a reanudar de xeito urxente o traballo de diagnose da soidade non desexada mediante estudos que reflectan esta realidade no noso Concello.
2. Elaborar de xeito prioritario, en función dos resultados de dito estudio, un Plan Galego para a Soidade Non Desexada, en colaboración coa FEGAMP.
3. Remitir o acordo plenario aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

En Vilagarcía de Arousa, a 17 de marzo de 2021

Asinado: Tania García Sanmartín

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE sobre a soidade non desexada.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e catro abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e:

1. Instar a Xunta de Galicia a reanudar de xeito urxente o traballo de diagnose da soidade non desexada mediante estudos que reflectan esta realidade no noso Concello.
2. Elaborar de xeito prioritario, en función dos resultados de dito estudio, un Plan Galego para a Soidade Non Desexada, en colaboración coa FEGAMP.
3. Remitir o acordo plenario aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=12>  
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

### **13.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=13>  
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

### **14.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=14>  
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

### **15.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.**

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=15>  
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

### **16.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.**

Debido á aplicación das normas de distancia social necesarias para a prevención do COVID-19 non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210325&punto=16>  
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:45, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.